



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/001244

Visto que o Pleno do Concello, na sesión celebrada o 12 de decembro de 2018, aprobou inicialmente o orzamento municipal e o cadro de persoal para o exercicio 2019 (BOP nº 240, do 18/12/2018), cuxa aprobación definitiva, previos os trámites legais pertinentes, foi publicada no BOP do 15 de xaneiro de 2019 (nº 10), e considerando que este orzamento foi prorrogado para o exercicio 2020.

Considerando que durante o exercicio 2019 deixou de prestar servizos no Concello de Teo D. Rosa Parajó Liñares, persoal funcionario, grupo C1 de Administración xeral, subescala administrativa, que cesou por xubilación o 29 de marzo de 2019 (Decreto da Alcaldía do 27/02/19, nº 163).

Considerando que, no que se refire á praza citada, a xubilación da súa titular produciuse con posterioridade á aprobación do orzamento do 2019, prorrogado ao 2020, razón pola que no mesmo aparece como praza cuberta en propiedade.

Considerando que, segundo o artigo 134.4 da Constitución Española, se a Lei de orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos.

Considerando o previsto na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 (BOE 04/07/2018), actualmente vixente, e os criterios e límites aplicables no ano 2020 en materia da oferta pública de emprego e taxa de reposición de efectivos segundo a citada Lei, en particular no seu artigo 19.

Considerando que, segundo o previsto no artigo 19. Un. 3 R) da citada Lei as Administracións públicas que no exercicio anterior incumpriran os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto, terán unha taxa de



reposición do 100 por cen no persoal de atención á cidadanía nos servizo públicos polo que procede repoñer a praza vacante.

Considerando que, ademais, o Consello de Ministros na sesión do 6 de outubro de 2020 adoptou o acordo de suspender o acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2020 polo que se axustaban os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das Administracións, suspendendo a aplicación das regras fiscais nos exercicios 2020 e 2021, que condicionaban a taxa de reposición na citada Lei 6/2018, do 3 de xullo.

Visto o disposto, en relación á oferta de emprego público, no artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e o artigo 48 e concordantes da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Visto o informe de Secretaría, do 30 de decembro de 2020, incorporado ao expediente.

De acordo co exposto e no uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e previa negociación cos representantes sindicais,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a oferta pública de emprego para o ano 2020, de acordo co orzamento municipal e anexo de persoal vixentes, coa vacante que se determina de seguido:



PERSONAL FUNCIONARIO:

Praza	Escala	Grupo	Quenda	Número de prazas
Administrativa	Administración xeral	C1	Libre	1

Segundo.- Publicar a oferta así aprobada no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia, así como no Taboleiro de Edictos.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución á Subdelegación do Goberno e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz